

Embelecen á área fluvial de Vilarello a través do obradoiro Ulla-Umia

VALGA. O Obradoiro de Emprego Ulla-Umia V, que o Concello de Valga desenvolve conxuntamente con Moraña, avanza no desenvolvemento do seu programa formativo, tanto a nivel teórico coma práctico. Os aprendi-

ces da especialidade de forestais trasladáronse estes días á área fluvial de Vilarello para levar a cabo tarefas de acondicionamento e mellora da contorna. As actuacións centráronse no desbroce e limpeza e espaxe-

mento empregando tanto desbrozadoras coma outras ferramentas de man. Os alumnos eliminaron tamén arbustos silvestres e acondicionaron os parterres, e realizaron podas selectivas e saneamento de árbores. Dende a posta en marcha do obradoiro, os participantes tamén realizaron actuacións de mantemento noutros espazos verdes coma a Mina Mercedes e o Parque Irmáns Dios Mosquera. **S. E.**



Traballadores do obradoiro realizando labores na área de Vilarello. Foto: Concello de Valga

Os arzuáns do futuro transforman a vila con xogos e creatividade

Durante a Semana Santa cubríronse todas as prazas da segunda edición deste proxecto que conecta aos máis cativos coa súa contorna

ALBA PRADA
Arzúa

Unha valoración moi positiva. Ese é o resultado das xornadas postas en marcha para a cativada durante a Semana Santa no marco do programa A vila do mañá. Un proxecto educativo e de divulgación que, en verbas do departamento de Cultura do Concello arzúa, “a través do xogo e da creatividade transforma o lugar que habitamos dando voz aos que habitualmente non a teñen; aos nenos e aos adolescentes, impulsando o seu dereito para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto”, sinalan fontes municipais.

A arquitecta Sandra González é a monitora e organiza-

dora destas actividades que logran conectar aos máis cativos coa súa vila e que xa chegaron a varios municipios. Nesta ocasión o programa celebrouse os días 29, 30 e 31 de marzo e 1 e 5 de abril e nel participaron un total de trinta menores, completando todas as prazas convocadas.

Con esta iniciativa, que ao mesmo tempo serve para

A primeira entrega tivo lugar en setembro do ano pasado e están previstas máis

A arquitecta Sandra González organiza e monitoriza o proxecto en varios concellos

axudar á conciliación, “búscase tamén estimular unha actitude crítica dos máis novos para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa”, apuntan,

Durante as cinco xornadas os participantes desfrutaron de propostas en espazos do casco urbano como a Praza de Galiza, o Multiusos Terra do Queixo, o aparcadoiro municipal ou a contorna da Escola Infantil. A concelleira de Cultura, Aurora Varela, apuntou que este proxecto oferta “un espazo de lecer diferente, creativo e sustentable que traballou a paisaxe e o entorno urbano do noso día a día”. Confirmou que o Concello “fará todo o posible” para darlle continuidade. A primeira edición de A vila do mañá foi en setembro.



Unha das actividades que se desenvolveron en Semana Santa no programa. Foto: C. Arzúa

Fotografar o viño na Ribeira do Ulla terá premio para os máis creativos

Pódense enviar un máximo de oito imaxes por persoa e hai marxe ata o 12 de novembro

Vedra. Con motivo do 40 aniversario da Festa do Viño da Ulla, que este ano non poderá celebrarse de forma presencial, o Concello estrea un concurso de fotografía chamado A cultura do viño na Ribeira do Ulla. O obxectivo, segundo sinalan fontes municipais, é “fomentar a divulgación da

fotografía e pór en valor a cultura do viño na Ribeira do Ulla”, sinalan.

O tema das imaxes debe ser un dos seguintes: a paisaxe, a tradición, o patrimonio ou a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla; os labores para o coidado do viñado; a vendima; ou a elaboración do viño na adega. Ademais permítese enviar ao certame ata un máximo de oito fotos, dúas por cada categoría.

A técnica será libre e só se poderán presentar traballos

en formato dixital, en JPEG. Non deben incluír bordes nin marcas de auga, e está permitida a edición, pero non os retoques que impliquen engadir, suprimir, desprazar ou redimensionar elementos.

Os que desexen participar teñen ata o 12 de novembro para facelo e deberán remitir as fotos por wetransfer a casadospeons@concellodevedra.com. Tamén deben ir acompañadas da inscrición. Hai catro premios, de 300 euros cada un. **A. P.**

Silleda estreará a vindeira semana un novo programa de camiñadas

Faranse os martes e xoves pola tarde para fomentar os hábitos de vida saudables

Silleda. O Concello, a través dos departamentos de Deportes e Turismo pon en marcha o programa Silleda Camiña, que se paralizou dende o pasado ano por mor da pandemia. O programa arrancará a vindeira semana cunha das dúas vertentes, a das camiñadas semanais pola vila de Si-

lleda e arredores, na tardía dos martes e xoves, co asesoramento do técnico municipal de deportes, que informará sobre os percorridos e asesorará ás persoas participantes en función da súa idade e condición física.

O martes 13, ás 18.30 horas haberá unha reunión informativa no pavillón municipal de deportes César González Fares, que será o punto de referencia dos grupos.

As persoas participantes recibirán un chaleque reflec-

tante e poderán realizar as rutas en solitario ou ben en grupos reducidos, seguindo as condicións da normativa sanitaria actual, sempre con máscara.

Indicar que as camiñadas dos martes e xoves o horario será, en principio de 19.00 a 21.00 horas, podendo incorporarse a esta iniciativa dentro da citada franxa. Este programa, que é gratuíto, busca fomentar hábitos de vida saudables así coma os desprazamentos a pé. **ARCA**

Lalín abre trámites para contratar as melloras da praza de abastos

As empresas teñen dez días para presentar ofertas e o custo roza os 70.000 euros

Lalín. O Concello de Lalín vén de aprobar o inicio do expediente de contratación do proxecto de Mellora da envolvente térmica da cuberta e accesibilidade na Praza de Abastos por importe de 69.420,92 euros, que se executa ao abeiro dunha subven-

ción de Agader do 80 %. As empresas poderán presentar desde hoxe e durante 10 días hábiles as súas ofertas.

A concelleira de Comercio, Karen Fernández, explica que as actuacións que se levarán a cabo centraranse na mellora da envolvente térmica do edificio e na creación dun aseo accesible na planta baixa. Unhas melloras que posibilitarán, segundo a concelleira, consolidar a praza como punto destacado de di-

namización económica e social e como peza clave do comercio de proximidade. Os primeiros traballos serán a demolición do fibrocemento das cubertas perimetrais e a desmontaxe dos elementos de evacuación de PVC. Ademais prepararanse as zonas de encontro entre cubertas e muros e as canles de evacuación para eliminar na súa totalidade os materiais adheridos para a súa posterior impermeabilización. **ARCA**